

Convocatoria
Laboratorio RPM

**Fantastic Futures
(a beginning)**

Aleksandar Georgiev

Santiago de Compostela
31.07—07.08.2024

RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS

RPM

Colectivo RPM, en colaboración co **Auditorio de Galicia**, impulsa un laboratorio co artista **Aleksandar Georgiev** dirixido a artistas do campo das artes performativas con interese de compartir unha experiencia colectiva arredor do universo artístico deste bailarín e coreógrafo europeo.

O laboratorio –que terá lugar entre os días 31 de xullo e 7 de agosto na **Sala Isaac Díaz Pardo de Santiago de Compostela**– afondará nas claves de investigación e creación que Aleksandar Georgiev está abordando para a súa nova obra **Fantastic Futures**. O obxectivo desta iniciativa é construír unha versión colectiva –titulada **Fantastic Futures (a beginning)**– que se poderá ver no **Parque de Bonaval** o día **7 de agosto ás 20 horas**, dentro do marco do Festival C de Santiago de Compostela.



“Bailar na nostalxia queer” non é só un baile; é un programa de televisión pop, un meme compartido ou un anuncio peculiar para un arquivo de danza. Un espazo para a convivencia de distintas historias da danza, aberto á empatía cinética, ao pracer, a satisfacción e a tenrura radical.

Fantastic Futures constrúese desde espazos ultraperiféricos, revisitando os nosos pasados emocionais, ocultos, avergoñados e culpables, os de atrás.

Fantastic Futures (a beginning)

É unha rebeldía contra o tempo lineal, onde o sentimentalismo e as lembranzas compartidas forxan novas realidades queer colectivas.

Os conceptos de “nostalxia futura/queer” e “lectura dende atrás” enmarcan a serie de investigación que Aleksandar Georgiev iniciou coas obras Screensaver e The Power of S. **Fantastic Futures** é o vindeiro traballo desta serie que comeza con esta primeira experiencia en Galicia titulada **Fantastic Futures (a beginning)**.

Aleksandar Georgiev graduouse no programa de mestrado en Coreografía na DOCH en 2014. Traballa e vive simultaneamente en Tenerife, Sofía, Skopje e Estocolmo. O seu traballo recente xira en torno á nostalxia como o espazo poético de arquivo, revisión da historia e reclamación dela de forma máis inclusiva, a tenrura radical, a politización do ano e a nostalxia queer/futura.

Aleksandar
Georgiev

As súas últimas obras artísticas son Screensaver, The Power of S, Echoes of S e a triloxía dragON.

Xunto con outras dúas artistas, Darío Barreto Damas e Zhana Pencheva, formou o equipo artístico STEAM ROOM, a institución cultural imaginativa ICC (Imaginative Choreographic Center) e a organización Garage Collective (Bulgaria). Ademais, é parte de estruturas como Nomad Dance Academy Network (Balcáns), Lokomotiva - Center for New Initiatives in Arts and Culture (Macedonia do Norte), Interimkultur (Suecia) e PiedeBase (Canarias).



O laboratorio está pensado para entre **10 e 30 persoas interesadas no campo das artes performativas** (tanto artistas profesionais como persoas sen experiencia profesional pero con nocións artísticas/performativas previas).

A dotación que temos destinada para o conxunto de participantes é de **3.000€**. A bolsa económica repartirase de xeito proporcional ao número final de participantes.



Convocatoria participantes

Para participar é imprescindible poder acompañar a totalidade das sesións, que están plantexadas nas datas e horarios seguintes:

Laboratorio participativo

Do 31 de xullo ao 7 de agosto* de 10 a 18 h*
Sala Isaac Díaz Pardo | Auditorio de Galicia

*Domingo 4 de agosto libre

*Descanso mediodía: entre ás 13 e 15 h aprox.

Mostra aberta

Mércores 7 de agosto ás 20 h
Parque de Bonaval

[Enlace formulario participantes](#)



Colectivo RPM é un colectivo de artistas vencelladas á danza e as artes vivas que imaxina, diseña e acompaña distintos proxectos contextuais desde Galicia.

Manteñen un claro compromiso polo diálogo interinstitucional e o impulso de iniciativas ao redor da creación contemporánea, a investigación e a visibilidade da comunidade artística da danza e as artes vivas.

Colectivo RPM
Residencias Paraíso

Ademais do acompañamento de artistas e procesos, o colectivo tamén xera diálogos e accións coas comunidades locais para achegar a práctica artística á cidadanía.

Dentro das liñas de acción do Colectivo RPM destaca o programa **Residencias Paraíso** –construído cunha rede de teatros e espazos cómplices en Galicia– para acoller en residencia a distintos artistas galegas, estatais e portuguesas e que se estende fóra de Galicia na liña **Cruceiros Paraíso** que posibilita abrir liñas de colaboración con outros espazos estatais e internacionais.

Nos últimos anos **Colectivo RPM** colabora co **Auditorio de Galicia** cunha cita anual que serva de encontro coa comunidade das artes vivas do noso territorio coa vontade de continuar construíndo comunidade e reflexionando xuntas sobre o noso contexto en xeral e o papel de **Colectivo RPM** en particular.

Auditorio
de Galicia

Nos últimos anos estas xornadas contaron cun cariz formativo, convidando a distintas profesionais a conducir prácticas ou laboratorios específicos dirixidos ás socias-amigas do colectivo.

Co laboratorio participativo de 2024 se inicia unha nova etapa na que a cidadanía de Compostela poderá gozar dunha mostra preparada especialmente para a súa programación municipal de verán.



RPM RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS

